



# VIA JACOBITANA

## Camino de Invierno

Revista Anual de la Asociación Camiños a Santiago Pola Ribeira Sacra · 2017 · nº 1



# VIA JACOBITANA

## Camino de Invierno

2017



nº 1

### COORDINACIÓN

Aida Menéndez Lorenzo

### CONSEJO DE REDACCIÓN

Junta de la Asociación. Presidenta: Aida Menéndez Lorenzo

### COLABORACIONES

Mariano de Souza, Germán López Quiroga, Flora Enríquez Rodríguez, Iván A. Álvarez Merayo, Felipe Aira Pardo, Javier Raposo Martínez, Daniel González Alén, Xosé Lois García, Fabio Simone Sebastiano, Aida Menéndez Lorenzo.

### FOTOGRAFÍA

Propias de cada articulista. En Memoria Fotográfica: Jesús Ortega Carrasco y Aida Menéndez

### EDITA

Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra



### CONTACTO

caminodeinvierno.com

C/ Germán Vázquez, 15 Monforte de Lemos, CP. 27400

### DESEÑO Y MAQUETACIÓN

Jose A. Souto Santé

### IMPRESIÓN

Imprenta Fénix

### ISBN

978-84-697-6555-5

### D.L.

LU 139-2017

El contenido de esta publicación está protegido por la Ley. Queda prohibida su reproducción, transformación, copia o comunicación, total o parcial, sin previa autorización escrita de los autores.

- 4 Saúdos.  
Mariano de Souza
- 6 Ilustraciones del Camino de Invierno.  
Mariano de Souza
- 8 Oficialización do Camiño de Inverno.  
(16 de agosto de 2016)  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 10 O complexo arqueolóxico de Montefurado.  
Iván A. Álvarez Merayo
- 16 As xornadas do Camiño de Inverno celebran oficialidade do Camiño de Inverno.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 18 Judíos y Conversos en el Camino de Invierno a su paso por Monforte de Lemos. Reseña histórica.  
Felipe Aira Pardo
- 26 Conferencias conmemorativas pola oficialidade do Camiño de Inverno.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 28 Lugas santas. Tradición e modernidade.  
Flora Enríquez Rodríguez
- 34 Celebramos a oficialidade coa filatelia.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 36 El patrimonio artístico del Camino de Invierno y la necesidad de su puesta en valor y estudio.  
Javier Raposo Martínez
- 44 Seguridade, solidariedade e fotografía no Camiño de Inverno.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 46 As confluencias viarias do camiño de inverno en Chantada.  
Xosé Lois García
- 52 Encontros con Asociacións do Camiño de Santiago.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 54 Camino de Invierno y Aida Menéndez.  
Germán López Quiroga
- 56 Celebridades divulgando o Camiño.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 58 O conxunto histórico de Lalín de Arriba, punto destacado no Camiño de Inverno.  
Daniel González Alén
- 64 Recorrendo o Camiño Inglés.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 66 Recorrendo o Camiño de Inverno.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 68 Iconografía y hagiotoponimia en el Camino de Invierno.  
Aida Menéndez Lorenzo
- 80 Publicacións e prensa.  
Aida Menéndez Lorenzo
- 82 Relato de un peregrino italiano por el Camino de Invierno en enero del año 2017.  
Fabio Simone Sebastiano
- 90 Ensinando o Camiño de Inverno ós escolares.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 91 A Asociación vestida de peregrinos medievais.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 92 Viaxes culturais.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
- 94 Calendario percorridos 2017.  
Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra

# SAÚDO

Como presidente do Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra Courel é unha satisfacción asistir ao nacemento de “Via Jacobitana. Camino de Invierno”.

Neste proxecto conflúen o cumprimento de varios dos obxectivos que o GDR Ribeira Sacra Courel se marcou como retos cando no 2016 se deseñou a estratexia de desenvolvemento rural que se está levando a cabo coa xestión do programa Leader 14-20: Apoio ao camiño do inverno, profundizar na divulgación do coñecemento científico asociado aos numerosos recursos cos que conta o territorio, e a participación e implicación da poboación local na consecución dos obxectivos da estratexia do GDR.

O primeiro destes obxectivos, o “apoio ao camiño do inverno”, constatase con esta publicación, que pretende dar a coñecer os principais puntos de interese cos que conta esta nova Ruta Xacobeá. Sirva polo tanto como forma de promoción deste camiño a Santiago, que agardamos se convirta nun revulsivo socio económico do territorio

A forma elixida para esta nova promoción do Camiño de Inverno, contribuirá a acadar o segundo dos obxectivos “profundizar no coñecemento científico do camiño”: a súa orixe, a súa historia, o seu patrimonio, e a cultura asociada a esta ruta.

E por último a “implicación da poboación local”, vese reflexada claramente neste proxecto agrupada baixo a forma dunha asociación sen ánimo de lucro, Asociación Camiño a Santiago pola Ribeira Sacra, que coa súa traxectoria ten amosado a seu interese e preocupación co desenvolvemento do territorio.

Agardamos que esta nova publicación teña unha boa acollida e recompense os esforzos que se están a realizar dende a Asociación Camiño a Santiago pola Ribeira Sacra.

**José Manuel Arias López**  
**Presidente GDR Ribeira Sacra Courel**

# SAÚDO

O pasado 16 de agosto de 2016 entraba en vigor a nova lei de Patrimonio Cultural de Galicia na que recoñecía ao Camiño de Inverno como ruta xacobeá en Galicia. Un itinerario de peregrinación que une aos seus valores históricos e culturais un percorrido por lugares de grande valor paisaxístico.

Son moitos os que teñen traballo ao longo dos últimos anos na investigación, na sinalización, na difusión e promoción do Camiño de Inverno e das súas pegadas na documentación e no patrimonio cultural. A asociación de amigos do Camiño de Santiago pola Ribeira Sacra ten sido dos colectivos máis activos neste labor que ten enriquecido notablemente o acervo da peregrinación xacobeá.

Temos entre todos os axentes implicados na xestión do Camiño de Santiago (administracións públicas, Igrexa, sector privado e movemento asociativo) que afondar nos valores que singularizan ao Camiño de Santiago. A espiritualidade, a identidade histórica, o patrimonio cultural, a acollida e hospitalidade xunto ao intercambio multicultural son rasgos que identifican á ruta xacobeá e que todos temos a responsabilidade de conservar e promover.

Esta liña de traballo ven marcada polo Plan Director e Estratéxico do camiño de Santiago, 2015-2021, que ten aprobado o Consello da Xunta de Galicia e que orienta a nosa actuación de cara a lograr que no vindeiro Ano Santo de 2021 o Camiño de Santiago, tamén o Camiño de Inverno, poida responder ás necesidades dos peregrinos do século XXI, seguir contribuíndo á dinamización social, económica e cultural de Galicia e consolidándose como marca referencial de Galicia

A creación desta publicación “Via Iacobinata, Camiño de Inverno” por parte da Asociación de amigos do Camiño de Santiago pola Ribeira Sacra é unha ocasión idónea para divulgar estes valores e todo o que nos aporta o Camiño de Santiago ao noso territorio. Gracias a este colectivo polo seu traballo a prol do Camiño de Santiago que atopará agora nesta publicación unha nova canle de difusión.

Neste ano que se cumpren os 30 anos da declaración do Camiño de Santiago como primeiro itinerario cultural europeo comprobamos como, nestas décadas, as rutas xacobeas se teñen redimensionado como un fenómeno non xa europeo senón mundial, como comprobamos nos peregrinos de tantas nacionalidades que percorren o noso territorio. Neste proceso todos temos contribuído e todos somos necesarios para continuar conservando o Camiño de Santiago como un dos grandes tesouros que dende Galicia ofrecemos ao mundo.

**Rafael Sánchez Bargiela**  
**Director-xerente da SA de Xestión do Plan Xacobeo**

# SAÚDO

Coa Revista anual, Via Jacobitana. Camino de Invierno, que vos presentamos, a Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra inicia unha nova andaina na súa longa traxectoria, desde que foi constituída no 1999, e cos seus máis de 400 socios, para recuperar e divulgar o Camiño de Inverno a Santiago.

Tras máis de 18 anos reivindicando que se recoñecese oficialmente a este Camiño como unha ruta xacobeas, á fin, a nova Lei de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, era aprobada el 26 de abril del 2016, incluíndo o Camiño de Inverno entre as rutas de peregrinación a Santiago. O 16 de agosto de 2016 entraba en vigor, a todos os efectos, coma o resto de rutas xacobeas, cumpríndose así o obxectivo para o que esta asociación traballou arduamente ano tras ano co desenvolvemento de múltiples actividades que van desde a compilación de documentación, pasando pola sinalización con frechas e marcos de granito, á publicación da páxina web: [caminodeinvierno.com](http://caminodeinvierno.com), Guía do Camiño de Inverno a Santiago, material filatélico co Camiño de Inverno, colaboracións en diferentes foros, percorridos, etc.

Non obstante, a nosa misión arredor do Camiño de Inverno non terminou. Finalizada unha etapa, esta asociación inicia outra que ten marcados claros obxectivos. Un, dar apoio ao peregrino, o outro, profundar no patrimonio cultural, paisaxístico que vertebra sobre esta ruta. Respecto ao primeiro, supón prestar especial atención á hospitalidade, á boa acollida. Entendemos que se deben crear albergues e en Monforte, ademais, debería crearse un centro de acollida de referencia para os peregrinos deste itinerario. É así que, hai dous anos, presentamos un proxecto ao goberno municipal monfortino para crear un Centro de Acollida e de Interpretación do Camiño de Inverno nun local da vila dependente do concello. Para o segundo, presentamos a edición desta Revista co obxectivo de dar entrada a voces especializadas en diferentes ámbitos, que nos descubriñan e axudarían a poñer en valor o rico patrimonio cultural e natural que abarca o Camiño de Inverno. E, mentres este foi ben acollido polo Plan Leader Ribeira Sacra-Courel, permitíndonos dar a luz a esta Revista, co anterior proxecto, non tivemos a mesma sorte.

En Via Jacobitana. Camino de Invierno, encontraredes diversas colaboracións que abordan unha ampla gama de temas que van desde a historia ao patrimonio tanto material como inmaterial deste trazado xacobeas, contribuíndo a formar un “corpus” científico sobre o Camiño de Inverno a Santiago. Queremos agradecer a colaboración de cada un dos autores que figuran nesta edición coas súas fundamentadas exposicións. Sen a súa contribución non sería posible sacar adiante este proxecto.

Outro apartado que quixemos incorporar é a voz dos peregrinos. O espírito que os move a iniciar tan longo e sacrificado percorrido ata a tumba do Apóstolo, cremos que debe ser contado, como o moi emotivo relato que aquí nos fai un mozo italiano da súa recente peregrinación polo Camiño de Inverno.

Por último, incluímos unha Memoria fotográfica das múltiples actividades, desenvolvidas por esta asociación ao longo do último ano e clasificadas en diferentes seccións que intercalamos entre os artigos.

O noso agradecemento ao grupo Leader Ribeira Sacra - Courel e para os nosos lectores que este traballo sexa do seu agrado.

**Aida Menéndez Lorenzo**  
**Presidenta Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra**





LLEGARON MUY CANSADOS  
 LLEGARON DE MUY LEJOS.  
 PEREGRINOS CURTIDOS  
 POR ESE CRUDO INVIERNO.  
 QUE LOS DEJÓ EMPAPADOS  
 DE LUVIA FRÍA Y LENTA.  
 CON MOCHILAS MUY GRANDES,  
 CON BOTAS DE SIETE LEGUAS  
 DESCANSAR EN MONFORTE,  
 LEJOS DE VUESTRA TIERRA.  
 PERO HOY COBIJADOS,  
 EN ESTA GRAN RIBEIRA,  
 LLEGASTEIS MUY CANSADOS,  
 LLEGASTEIS DE MULEJOS.



Mariano De Souza.  
 (POEMA Y DIBUJO) 2017.  
 PINTOR DEL CAMINO



BOLSA PARA CUADROS  
 DE LA UNIVERSIDAD DE LA PREGUIERA  
 L' AQUILA (ITALIA)  
 HOMAJE A LOS PEREGRINOS del "CAMINO DE INVIERNO".

Mariano De Souza  
 (BRINDIS POR EL CAMINO)  
 DIBUJO A DORTUNA

# OFICIALIZACIÓN DO CAMIÑO DE INVERNO (16 de agosto de 2016)



## SOCIEDAD El Camino de Inverno Ribeira Sacra se viste

Xunta y diversos colectivos conmemoraron el reconocimiento oficial



## La Voz de Lemos

VIERNES, 12 DE AGOSTO DEL 2016 • Cardenal, 1. Monforte • redac.monforte@lavoz.es • www.lavozdegalicia.es/lemos/ • Teléfono: 982 416 014 • ISSN 1888-5101

## El Camino de Inverno carácter oficial en pl

La asociación pide al alcalde que rectifique y le c

**LUIS DÍAZ**  
MONFORTE/LA VOZ

Coincidiendo con el último día de las patronales, Monforte podrá festejar que el Camino de Inverno ya es oficial a todos los efectos. El 16 de agosto finaliza la exposición pública de la Nueva Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, que equipara esta vía de peregrinación al resto de las rutas jacobeanas. La Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra pensaba estar celebrándolo por estas fechas. Pero la efeméride se ha visto empañada, según reconocen sus responsables, por la negativa municipal a ceder el bajo del antiguo hotel Comercio como centro de acogida e información.

La asociación mantuvo el pasado miércoles una reunión extraordinaria en la que fue aprobado un escrito de nueve puntos del alcalde, al que acusan de «poner piedras» a labor que vienen desarrollando para la promoción del Camino de Inverno. «Sepa que con su apoyo o sin él seguiremos trabajando. De momento, y si no nos da otra opción, continuaremos recogiendo las firmas de muchos ciudadanos y empresarios que nos están mostrando su apoyo», señala en el texto.

**EN CIFRAS**  
**120 kilómetros**

**Itinerario por Galicia**  
El Camino de Inverno atraviesa trece municipios gallegos repartidos por Valdeorras, Ribeira Sacra y O Deza

**Sin perder tiempo**  
En la reunión se abordó la oferta municipal para que el bajo del hotel Comercio sea sede de las oficinas del consorcio de turismo de la Ribeira Sacra. La asociación entiende que esta cesión supondría «desaprovechar un recurso público», y sostiene que si se pu



## La Voz de Lemos

MÉRCOLES, 17 DE AGOSTO DEL 2016 • Cardenal, 1. Monforte • redac.monforte@lavoz.es • Teléfono: 982 416 014 • ISSN 1888-5101

## El Camino de Inverno ya es ruta de peregrinación oficial a Compostela

Conselleiro de Cultura, directora de Turismo, alcaldes y colectivos respaldaron el acto

**ALICIA MANSO, P. V.**  
LALÍN/LA VOZ

El Camino do Inverno recibió el reconocimiento de ruta de peregrinación a Santiago de Compostela ayer, gracias a la entrada en vigor de la Lei de Patrimonio Cultural, con un acto celebrado en las inmediaciones del monte Faro, en Rodeiro. Al acto acudieron, entre otros, el conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez; la directora de Turismo de Galicia, Nava Castro y alcaldes de diferentes concellos por los que discurre esta ruta, entre ellos el monfortino José Tomé, además de representantes de las asociaciones de amigos de los Caminos de Santiago, como el monfortino José Tomé.

El acto de Rodeiro asistieron los monfortinos José Tomé y Aida Menéndez

La directora de Turismo ofrece ayuda a los municipios para mejorar la señalización

Al acto de Rodeiro asistieron los monfortinos José Tomé y Aida Menéndez

Los asistentes realizaron un trazo de la ruta y descubrieron una placa conmemorativa.

El acto de Rodeiro asistieron los monfortinos José Tomé y Aida Menéndez

La directora de Turismo ofrece ayuda a los municipios para mejorar la señalización

Al acto de Rodeiro asistieron los monfortinos José Tomé y Aida Menéndez

Los asistentes realizaron un trazo de la ruta y descubrieron una placa conmemorativa.

El acto de Rodeiro asistieron los monfortinos José Tomé y Aida Menéndez

Vía Jacoaitana  
Camino de Inverno

# O COMPLEXO ARQUEOLÓXICO DE MONTEFURADO.

Iván A. Álvarez Merayo  
Arqueólogo

O Camiño de Inverno entra en terras de Lugo polo concello de Quiroga. O máis meridional da provincia. Ven seguindo o río Sil por un val realmente atractivo e fortemente humanizado. Adaptado ás necesidades dos habitantes do territorio. Soutos centenarios, aldeas tradicionais, e os seus terreos de cultivo, fálannos dunha necesidade de adaptación ao medio, dun aproveitamento dos recursos patente desde hai séculos. Unha paisaxe transformada desde hai, canda menos, dous mil anos. Desde que comezou o que poderíamos chamar a primeira industrialización de Galiza. A minaría romana do ouro.

Moitas son as explotacións mineiras auríferas de época romana espalladas polo val do Sil. Desde O Bierzo até que escava os fondos canóns, xa en

plena Ribeira Sacra. Unha vez que o río entra en Galicia circula encaixado entre fortes pendentes, alternando con amplos vales como o de O Barco de Valdeorras, A Rúa ou Quiroga, resultado de depresións creadas durante a oroxénese alpina. Estas depresións están cubertas por depósitos Neoxenos. Son sedimentos non consolidados formados por conglomerados, gravas e arxilas cunha característica cor vermella e que en ocasións podemos ver colgados en cotas de entre os 400 e os 600 m. Estes sedimentos foron na súa meirande parte explotados polos romanos na busca do ouro, e distínguense no terreo como pequenas zonas chas inseridas nas pendentes dos montes e aproveitadas pola veciñanza ben como zonas de cultivo, ben como superficies para asentar os núcleos de poboamento.



Foto 1

Pouco despois de que o Camiño entre en terras luguesas atopamos o lugar de Montefurado. Un magnífico exemplo de val colmatado por estes sedimentos auríferos e explotados profusamente polos romanos. Até o punto de poder falar do Complexo Arqueolóxico Mineiro de Montefurado.


O Complexo Mineiro de Montefurado debe o seu nome á aldea máis grande da zona, edificada, como veremos máis adiante, sobre unha mina romana que beneficia un potente aluvión. Porén, o realmente salientábel deste núcleo arqueolóxico é o xacemento coñecido como **A Boca do Monte** ou **O Túnel de Montefurado**, obra de enxeñaría datada cara ao século segundo da nosa era e destinada a facilitar o beneficio aurífero das áreas do río Sil. Un xacemento arqueolóxico único.

Con todo, e sendo este o elemento máis espectacular do espazo en consideración, non debemos obviar a clara interacción que este elemento ten co seu entorno inmediato, e que se concreta no continuo desta explotación mineira con outras tres fronteas de explotación coetáneas e que, a nivel práctico, funcionarían coordinadas como unha soa explotación: A fronte mineira do Montín, a mina da Retorta e a explotación de Montefurado, na que aproveitando as superficies creadas polo beneficio do mineral, asentouse o pobo homónimo. **(Plano 1)**

Pasamos agora a describir as características de cada unha destas explotacións auríferas mineiras:

**A Boca do Monte** ou **Túnel de Montefurado**: É o exemplo máis representativo do beneficio do ouro depositado nas áreas fluviais. Este túnel é o mellor exemplo de obra para o aproveitamento dos praceres fluviais co que nos podemos atopar, e a súa descrición é xa de por si unha explicación do sistema de beneficio.

Trátase dun impresionante túnel de 52 m. de longo (aínda que antes de se derrubar media ao redor de 120 m), 20 m. de ancho medio, e 20 m. de alto, dos que 12,5 están por baixo do nivel do río. Utilizado no século II d.C., estaba destinado a desviar a corrente do río Sil, que nese tramo bordeaba un esporón xistoso formando un gran meandro, coa intención de facilitar as tarefas de beneficio das áreas auríferas depositadas na volta abandonada. En total arredor de dous quilómetros e medio. Ademais, o feito de que baixo o túnel escavaran unha foxa de perfil en “V”, estanos a indicar que en ocasións este túnel sería tapado coa intención de que o río tornara momentaneamente ao seu leito natural, podendo deste xeito aproveitar as áreas depositadas no fondo da foxa e de paso realimentar o meandro con novas áreas auríferas. O lavado das áreas non pensamos que se fixera coas típicas bateas utilizadas para extraer o ouro, nesta mesma zona, até finais do século XIX comezos do XX da nosa era, senón mediante outro sistema que permitise o movemento dun maior volume de limos e que, desgraciadamente,



Plano 1 O complexo arqueolóxico de Montefurado

1 - A boca do monte  
2 - O Motín

3 - A Retorta  
4 - Montefurado



Foto 2



Foto 4

non chegou aos nosos días. (Fotos 1 e 2)

Inmediata, polo oeste, co meandro abandonado orixinado pola construción do túnel, atopámonos unha nova fronte de explotación. A denominada O Montín.

**Fronte de explotación do Montín:** Esta explotación mineira a ceo aberto sobre xacemento secundario, beneficia un aluvión que contén ouro libre. A explotación semella terse desenvolvido mediante lavados superficiais, a pé do río, para continuar cun sistema de cunchas de arrastre. Isto é, cavando unha serie de pequenas galerías, máis ou menos paralelas, na base e na cima da porción de monte a derrubar para provocar o desequilibrio do terreo. Este desequilibrio forzaríase co peso de moitos litros de auga que farían chegar até o cimo da zona a derrubar. Nesta explotación podemos distinguir tres niveis, máis ou menos paralelos ao río, a modo de terrazas xeolóxicas. O fluxo de traballo empezou pola zona do río para continuar ascendendo, en liña de máxima pendente, segundo ían esgotando o aluvión que contiña o ouro. Destacar que no extremo SE desta mina aínda queda aluvión por beneficiar, pero na maior parte da súa superficie atopamos a rocha núa, o que indica que a explotación estaba esgotada nesas zonas. Nestas superficies xa beneficiadas atopamos as evidencias dos traballos grazas aos depósitos de áridos coñecidos na zona como Medos ou muradellas. O escombro das labores

do lavado do terreo. (Fotos 3)

Seguindo o meandro abandonado, no seu extremo distal e enfrontado a límite sur da mina do Montín atopamos a segunda das explotacións deste conxunto mineiro. A Retorta.

**Fronte de explotación da Retorta:** Ao igual que comentáramos ao falar do Montín, esta é unha explotación mineira a ceo aberto sobre xacemento secundario, que beneficia un alu-



Foto 3

vión que contén ouro libre. A explotación foi desenvolvida, nun primeiro momento, mediante lavados superficiais na zona máis próxima ao río, para continuar cun sistema de gabia/canle na cota superior da explotación. Pódese apreciar o substrato xeolóxico libre de sedimento, o que indica o completo aproveitamento da mina. Na gabia resultante do beneficio da zona superior da explotación obsérvase a concentración de áridos

ou medos, así como espallados pola pendente que comunica esta zona co río. Isto estamos a indicar que se desfacían dos cantos botándoos directamente cara as zonas xa explotadas. (Fotos 4)

Inmediato ao extremo norte da explotación do Montín, aínda que separada desta unicamente polo río Sil -xusto no momento en que pasa baixo A Boca do Monte-, temos a explotación mineira de Montefurado. Nesta mina, ademais dun completísimo sistema de explotación aurífera, é de destacar como o lugar de Montefurado e as súas xentes, fóronse adaptando ao medio e á topografía da mina, creando de seu un conxunto arqueolóxico-etnográfico de gran interese.

**Fronte de explotación de Montefurado:** Como acontecera nos dous exemplos anteriores, estamos ante unha explotación mineira a ceo aberto sobre xacemento secundario que beneficia un aluvión que contén ouro libre. A explotación semella terse desenvolvido mediante lavados superficiais, á beira do río, para continuar cun sistema de arrugía. Co ruina montium acadaban un refundido inicial que lles permitira, posteriormente, utilizar os noiros resultantes como fronte para sucesivos avances na explotación mediante cunchas de arrastre. Nesta explotación podemos distinguir dous niveis máis ou menos paralelos. O de máis baixa cota o conformaría a chaira e corta que atopamos ao pasar a vía do tren camiño do pobo - e sobre a que están





Foto 5



Foto 6

colgadas varias das vivendas-, e o segundo sería a fronte de explotación que se ve cando collemos, dende o interior do pobo, o camiño que sube cara Ermidón. O Camiño de Inverno a Santiago. Tanto nunha fronte de explotación, como noutra podemos ver as galerías de derrube abandonadas antes de tirar o monte, algunhas das cales hoxe fan a función de adegas. Este dato é recorrente. Nunha boa parte das explotacións mineiras de época romana, presentes na comarca de Quiroga, apreciamos como o beneficio foi abandonado dun xeito precipitado, xa que os mineiros tiñan todo preparado para proceder a derrubar unha nova porción de monte a fin de continuar a extracción de mineral e non o fixeron.

Queremos salientar un detalle que lle imprime un carácter destacado a esta explotación. O feito de que o lugar de Montefurado e os seus campos de cultivo ocupen o espazo abandonado pola

actividade mineira. A elección dos seus construtores para escoller un espazo e adaptarse ao medio creando unha paisaxe de gran harmonía e relevancia etnográfica.

O labrego galego, á hora de elixir no seu medio xeográfico o lugar máis axeitado para cada unha das súas actividades, establece un modo de utilización do espazo que se axusta en cada caso ás peculiaridades do entorno. Escóllese o emprazamento en función dunhas condicións básicas necesarias para o desenvolvemento da súa actividade agrícola, un emprazamento provisto de auga, abrigado dos ventos dominantes, soleado e cunha situación a respecto das súas terras que lles permita a súa cómoda explotación e garda.

Partindo desta fórmula, en Montefurado atopámonos cunha arquitectura anónima, entendendo arquitectura como toda intervención no territorio de carácter construtivo, dende un muro de

peche, pasando por un hórreo até a configuración dunha vivenda, que resolve un programa de necesidades, que se adapta a un entorno e que a súa forma responde directamente á función para a que foi levantado.

Entendendo a importancia do emprazamento nun determinado espazo á hora de valorar un asentamento humano, cabe destacar a idea principal que levou aos nosos antepasados a promover unha actividade específica nun lugar concreto no tocante ao estudo e análise da mesma.

Home e territorio fúndense na idea xeradora do proxecto. Cando se decide a localización dunha determinada actividade, o lugar elixido para o emprazamento comeza a formar parte de xeito indisolúbel da labor formulada, o factor humanizador consegue crear un espazo propio cunhas características de uniformidade.

Forma, tempo e espazo únense de xeito claro.

A razón de ser da actividade no lugar responderá a unhas necesidades que priman a funcionalidade da actividade e que se constitúen como unha estrutura determinada que configura unha forma característica.

A unidade do conxunto arqueolóxico de Montefurado, a homoxeneidade de forma, espazo e tempo, a presenza de certos elementos construtivos e materiais, e unhas pautas comúns no relativo á súa adaptación ao medio convérteno nun todo unitario. A integración entre a actividade humana e o río, a creación dunha nova paisaxe mediante as modificacións do monte e a implantación de cultivos como a vide ou a oliveira, unidos a unha considerábel densidade de xacementos arqueolóxicos dan forma a unha unidade indisolúbel e íntegra no seu conxunto, que permite contemplala como tal ás xeracións actuais e vindeiras. (Fotos 5 e 6)





# JUDÍOS Y CONVERSOS EN EL CAMINO DE INVIERNO A SU PASO POR MONFORTE DE LEMOS. RESEÑA HISTÓRICA.

**Felipe Aira Pardo**  
Historiador

Los judíos de Monforte, por la documentación manejada, no han tenido una zona concreta de concentración -judería-. Su lugar de emplazamiento responde al modelo de otras ciudades, ubicándose en torno a las puertas de la villa y en las plazas de mercado.

Debe matizarse la tan traída y llevada afirmación de que la judería monfortina se encontraba en la actual rúa Abelardo Baanante, en el pasado rúa Nova y A Calexa. Efectivamente, sí existieron viviendas de semitas en esa vía, pero, al mismo tiempo, los judíos residían en otras calles monfortinas, formando lo que se puede denominar como calles de ámbito judío.

La escasez de fuentes es algo generalizado en lo que se refiere a la historia de los judíos en Galicia. En concreto, en Monforte de Lemos, donde al igual que en la mayoría de las ciudades gallegas, se perdió la mayor parte de la documentación medieval lo que ha dificultado en gran medida el desarrollo de este trabajo y limitado el conocimiento del alcance que tuvo la presencia hebrea en Monforte. Pese a esta carencia de fuentes documentales y bibliográficas, el estudio de la documentación consultada ha hecho posible sacar a la luz interesantes datos y noticias,

hasta la fecha desconocidas, sobre la presencia de judíos y judeoconvertos monfortinos.

Hoy, parece estar demostrado que durante los siglos X, XI, XII, -aunque en este último ya aparecen diferencias- las relaciones entre los semitas y la iglesia fueron buenas, en general. La llegada de hebreos a Galicia durante los siglos XII-XIII aumentaba por las persecuciones que sufrían de almorávides y almohades en el centro-sur peninsular. El judío de estos siglos no era el de la época visigótica y ya estaba muy entrelazado con el resto de los cristianos. Cristianos y judíos vivían y moraban en las villas y andan vestidos unos así como los otros

En torno a los monasterios solía instalarse una comunidad hebrea que, según el caso, era mayor o menor. La causa de su presencia al amparo de estos cenobios religiosos, tendría un buen motivo: aprovechar el movimiento comercial que estos centros monacales generaban. En el caso de Monforte de Lemos fue el monasterio de San Vicente del Pino, orden benedictina, el que aforaba propiedades a las familias judías monfortinas. El ayuntamiento, sin duda alguna, también aforaría propiedades a los semitas locales, aunque debido a la pérdida, en prácticamente su totalidad, de los

fondos documentales municipales correspondientes al Medioevo, no podemos respaldar esta afirmación con la correspondiente documentación histórica. De los fondos documentales correspondientes a la casa de los Señores y luego Condes de Lemos, nada relevante hemos encontrado hasta la fecha referidos al tema que nos ocupa, a pesar de los esfuerzos realizados en su estudio. Los libros de las parroquias, dígame de Fábrica o de Bautismos, Matrimonios y Difuntos, -los más antiguos corresponden al siglo XVI-, nos ayudaron a entender mucho mejor el importante y vinculante papel que las familias de judíos conversos monfortinos tuvieron en el desarrollo y evolución de la sociedad local. Otras instituciones con presencia destacada en nuestra localidad, -nos referimos al Obispado de Lugo-, no estaban por la labor de entendimiento y colaboración con esta comunidad de monfortinos, sirva como ejemplo, que en algún caso anularon el foro que tenían con un cristiano viejo por aforar éste la propiedad en "judío y hombre de diversa fe".

La mayor parte de las noticias corresponden al siglo XV, a nuestro entender la centuria de mayor presencia de familias judías en la localidad. Destacar que al siglo XV es al que corresponden un mayor número de documentos conservados en comparación a siglos anteriores, en los que la presencia judía en Lemos pudo ser un hecho, pero se desconocen los datos. La Baja Edad Media fue una etapa en la que España y Portugal se convirtieron en los países de mayor población semita, con

notable diferencia respecto al resto de naciones europeas. Los hebreos consideraban a la Península Ibérica como la tierra prometida y esperada durante siglos. Galicia tuvo menor presencia hebrea que otras regiones de España. No obstante, existen datos que confirman su presencia en Monforte de Lemos. La totalidad de las fuentes consultadas afirman que los sucesos producidos en el año 1391, con las persecuciones y matanzas sistemáticas de hebreos en diversas regiones españolas, influyeron decisivamente en la residencia de los mismos, hasta el punto que cambiaron sustancialmente su distribución, siendo distinta en el siglo XV, a la que fuera en los siglos anteriores.

Los gallegos estaban más centrados en el movimiento antiseñorial, que se materializa en la guerra irmandiña de 1467-69, que en el movimiento antisemita. De esa época tal vez sea el momento de mayor contingente de judíos llegados al Noroeste que abarcaría hasta el propio año de la expulsión en 1492.

En Galicia, en el medioevo, lo más similar a un motín antisemita fue el ataque de la familia Cadórniga de Ourense a la sinagoga hebrea de esa población, en el año 1442. Más bien fue un acto de bandolerismo señorial.

Una de las conclusiones más importantes a la que se llega según la documentación manejada, es que los hebreos vivieron mezclados con los cristianos, en diversas vías medievales de Monforte, en torno a las puertas de la villa y plazas del mercado. Era algo habitual que pasaba



Conjunto monumental de San Vicente del Pino



Visita a la zona de ámbito judío y medieval monfortino. Puerta de Pescaderías, siglo XII-XIII, y muralla medieval. Foto **Jose Ramón Casanova**.

en muchas poblaciones con vecinos judíos. En torno a las puertas de la villa o de edificios importantes y en las calles principales en sus soportales, en definitiva, en la zona urbana, donde existía la mayor actividad mercantil.

Las referencias a judíos vecinos de Monforte de Lemos que hemos encontrado al realizar este estudio de investigación, en ocasiones, no precisan el lugar donde moraban, como en el caso de Mose Judío, año 1449. En otras ocasiones, sí lo indican, siendo en calles y plazas de intramuros y extramuros, de la zona urbana monfortina. Por ejemplo, Ester Judía, en la calle Zapatería, año 1453, siendo esta vía una de las principales dentro de murallas. Esta calle comunicaba y comunicaba dos puertas de la villa, la de Carnicerías o Pescaderías, hoy conocida como de la Alcazaba, y la puerta de la Zapatería.

En 1462, un documento ciertamente interesante deja ver la situación de persecución a la que estaban sometidos los judíos por parte de algunas instituciones. En este caso es el Obispado de Lugo poseedor de diversos bienes en la villa, y teniéndole aforada una casa en la rúa Nova, -hoy Abelar-do Baanante, y popularmente, A Calexa-, a Ruy Lopes, cristiano, y enterados de que éste “vendeu et testigos pasan o dito foro et as melloranzas del en Isaque Chamiço”, pierde el foro, *“por vender et traspasar o dito Roy Lopes o dito foro en enphiteosi ca judío et ome de diversa fe da nosa”*. El monasterio benedictino de San Vicente del Pino, sin embargo, según documentación que aportamos, sí aforaba propiedades a los hebreos avecindados en Lemos. En el año 1474, se data una nueva noticia sobre una familia judía, formada por Manuel y su mujer Lidica, que tenían casa en la *“rúa da Herrería”*. Esta calle estaba entre la actual Plaza de España y la calle de Santo Domingo. Vía muy activa en el siglo XV, al comunicar la iglesia parroquial y zona extramuros con la puerta de la Zapatería y entrada en la zona intramuros de la villa.

En el año 1488, encontramos a Boaventura Judía, con casa sobre la Carnicería. Había dos Carnicería, la de Abajo y la de Arriba, así citadas. Estaban inmediatas a la puerta de la villa hoy conocida como de la Alcazaba.

En un documento del año 1496 se cita a Ven-

tura judía, que tuvo casa en la Plaza del Açouge. Dicha casa fue comprada por el conde de Lemos, aforándose a Luis de Córdoba, escribano de la villa y que aparece en abundantes documentos de la época. Como Açouge o Mercado se conocía a la plazuela intramuros inmediata a la puerta de la Alcazaba y, dependiendo del momento, también a la plaza vecina de la iglesia de Santa María de A Régoa, inmediata a la puerta de la Zapatería. Eran plazas ubicadas en lugares estratégicos, muy transitados y con mucho mercado.

En cuanto a la sinagoga y su ubicación, en la documentación consultada hasta el momento hay dos referencias a su posible emplazamiento. De todos modos, no tenemos la certeza de la autenticidad de dichos documentos. Espero que en un futuro próximo se pueda confirmar. Estos papeles la sitúan en la calle Falagueira, en el solar donde, según la tradición y diversos historiadores y cronistas monfortinos, se emplazaba la misma.

La sinagoga en las comunidades judías era el centro de reunión de la comunidad no solamente un simple templo religioso. En ella, en el caso de pertenecer a una comunidad numerosa, se ubicaban el tribunal de la aljama y en sus sótanos se encontraba, aunque no muy frecuentemente, la cárcel.

Si tenemos en cuenta las Ordenanzas del año 1432, todo lugar donde vivieran más de 10 cabezas de familias judías estaban obligados a tener sinagoga. Según los datos manejados en Monforte de Lemos vivieron más de diez familias hebreas y, por tanto, estarían obligados a tener sinagoga, en función de dicha ordenanza.

La tradición popular la sitúa en la rúa Falagueira, la vía principal de intramuros del Monforte me-



Visita a la zona de ámbito judío y medieval monfortino. Antigua plaza de la Sal hoy Pescaderías. Foto Felipe Aira.



Casas intramuros de la villa que pertenecieron a la familia de judeoconvertos más destacada, de apellido Gaibor. Foto Felipe Aira

dieval. Lo hacen en dos lugares próximos, uno con unas cuevas labradas en la roca y otro con un estanque en el que, supuestamente, se produjo el escarnio del Cristo de la Colada. El estanque de referencia realizaría las funciones de un Míqwe o Baño ritual judío. Sería interesante realizar excavaciones arqueológicas en ambas propiedades.

### La familia de los Gaibores

La familia Gaibor, asentada en la población por lo menos desde el siglo XV, era de origen hebreo y, según un documento de la Inquisición de Santiago, del año 1580, parece ser que su tronco fue Juan de Gaibor, padre de Jorge de Gaibor, que se bautiza en edad ya avanzada, sin duda, para evitar la expulsión del año 1492.

Esta familia de judeoconvertos es un claro ejemplo de que la importancia de los hispano-hebreos se basó más en los puestos que ocuparon que en su número de miembros. Alcaldes de ordinario y mayores, procuradores de la villa, secretarios y mayordomos de familias importantes, etc.

Los judíos convertidos viendo la situación peligrosa que se les presentaba al instalarse el Tribunal de la Inquisición de Galicia, en la segunda mitad del siglo XVI, pensaron en usar parte de sus ahorros para la compra de cargos públicos ofrecidos por la administración, que no se preocupaba, por lo general, si estos “aspirantes” eran cristianos viejos, judíos convertidos, etc. Al

existir buenas cantidades dinerarias por medio, el objetivo estaba cumplido y las creencias religiosas no importaban.

Los Gaibores también son un ejemplo de que la comunidad de judíos, luego conversos de Lemos, contribuyeron con su trabajo a la construcción de aquella compleja sociedad monfortina de los siglos XV, XVI y XVII, ocupando cargos públicos en el Concello de la población, al servicio de los titulares de la villa, desarrollando una intensa labor comercial y social.

Los Gaibor estaban asentados, sobre todo, por la provincia de Lugo, en la capital, Sarria y Monforte.

Un documento del año 1493 recoge que Juan de Gaibor era mayordomo del II Conde de Lemos, Rodrigo Enríquez Osorio. Aparece en estos últimos años del siglo XV, y primeros del siglo XVI, como testigo en importantes negocios, junto a otras personas de cargos relevantes. De los documentos se desprenden varios datos importantes, uno de ellos, que al igual que otros titulares de la villa de Lemos, Rodrigo tenía en puestos importantes de su casa a miembros de sangre judía. Fue un noble que hizo frente a los propios monarcas Isabel y Fernando. En el año de la expulsión de los judíos, este noble estaba recuperando los vínculos con los monarcas.

Juan de Gaibor, tronco de la familia de Monforte, que se convierte al cristianismo en la villa

de Lemos, era padre de Jorge de Gaibor. Una lápida de mármol del país encontrada a finales del siglo XIX en una casa del casco antiguo de Monforte -Rúa Ricardo Quiroga- dice:

“AQUÍ IACEN JUAN DE GAIBOR Y SU IJO JORGE DE GAIBOR FUNDADOR DESTA CA “PILLA FUE” RON VECINOS Y REGIDORES DESTA VILLA.”

A la inscripción le falta una parte, lo que motivó la errónea creencia, que hoy hemos aclarado, de que dicha pieza se refería a la fundación de una casa en Monforte de Lemos, por parte del linaje de los Gaibor, judíos aquí avecindados. **Ponemos entre comillas la parte que le falta a la lápida.**

Las primeras noticias sobre esta lápida se remontan a la última década del siglo XIX, cuando en junio de 1892. La Voz de Galicia publicó un trabajo sobre los judíos de Monforte.

El hecho de que fueran llamados al Concejo, denota que tenían en la sociedad local de aquellos años reconocimiento y poder. Esta posición pudo derivar de su situación económica o bien de su competencia personal en los asuntos de la administración del concejo.

Esta lápida sepulcral hace alusión a la fundación de una capilla en la iglesia conventual de San Antonio, no de una casa, en las primeras décadas del siglo XVI. Hay documentación del siglo XVI y XVII, que hace referencia a la mencionada capilla y a sus fundadores. Incluso se pudo concretar donde se ubicaba dentro del templo franciscano. Estaba debajo del coro y con pilares.

Algunos miembros de las órdenes mendicantes de franciscanos y dominicos fueron auténticos perseguidores de judíos. Américo Castro afirma que las gentes de baja y servil condición se cebaban en los despojos de las ricas juderías, bien reforzada en su furia antihebraica por las pláticas de ciertos frailes, pertenecientes a órdenes mendicantes.

También se evidencia la constante persecución a la que eran sometidos los miembros de los Gaibores desde el siglo XVI e incluso buena parte del siglo XVII.

### Monforte, punto destacado de conversos y judaizantes

La villa de Lemos fue uno de los principales puntos de Galicia en cuanto a asentamiento de familias conversas. Esto se tradujo, entre otras cosas, en ser procesados por la Inquisición. Apellidos como Gaibor, Coronel, Mezquita, De León, de Freytas, Oliveira, Pereira, De Lucena, López Guadalupe, Fonseca, Céspedes, Espinosa, Paz, Núñez, Dávila, entre otros, son ejemplos de familias de conversos.



Calle Falagueira

Hemos encontrado documentos que avalan el dato de que alcaldes de ordinaria, procuradores del concello o regidores, fueron cargos desempeñados por miembros de familias de cristianos nuevos, en ocasiones, procesados por la Santa Inquisición.

El profesor Jaime Contreras publica un mapa de nuestra región

con el número de conversos procesados por el Santo Oficio. Ourense es donde más hay. Le siguen Ribadavia, Pontevedra y, a continuación, Monforte de Lemos, que supera a Santiago o Tui, entre otras localidades gallegas.

### El Cristo de los Azotes y el Cristo de la Colada.

Dos casos de escarnios e injurias en la población hacen referencia al “Cristo de los Azotes”, que se encontraba en la sacristía del convento de San Antonio de Monforte, y “El Cristo de la Colada”.

